

MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA QUE SE ATENDAN AS REIVINDICACIÓNS DO PERSOAL DO SECTOR DA XUSTIZA

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 25 de xaneiro produciuse unha nova folga do persoal laboral no ámbito do sector da Administración de Xustiza, secundada por máis do 80% do mesmo, segundo os sindicatos, logo de que se romperan as negociacións entre o Comité de Folga de Xustiza e a Consellería de Vicepresidencia, Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No último día no que se negociou os representantes desta Consellería apareceron acompañados do Director Xeral da Función Pública (da Consellería de Facenda), quen dixo que non se ían presentar máis ofertas cas xa existentes, claramente insuficientes para os sindicatos.

Os principais puntos de discrepancia seguen a ser o apartado retributivo e o das incapacidades temporais. A Xunta de Galicia di que non son asumibles as peticións de igualar os salarios do persoal laboral do sector xudicial galego cos dos seus homólogos doutras Comunidades Autónomas, con evidentes desigualdades tamén nos complementos por incapacidades temporais, nas que existen diferenzas entre o mesmo persoal ao servizo da Administración pública de Xustiza.

Cabe lembrar que Cambados é sede de partido xudicial e que na anterior lexislatura autonómica o Partido Popular intentou facer unha reforma da Xustiza que resultaba moi lesiva para os intereses do noso municipio. Dita reforma foi paralizada grazas á mobilización política, sindical e social.

As organizacións sindicais anunciaron a convocatoria dunha folga indefinida a partir do día 7 de febreiro no sector da Xustiza, un ámbito especialmente sensible para a cidadanía, que padeceu a acumulación de retrasos debido aos recortes dos últimos cinco anos, nos cales non houbo reposición de prazas amortizadas. Así, veñen existindo situación de exceso de

traballo, colapso e moitos problemas para conseguir unha xustiza efectiva que garanta o restablecemento dos dereitos das persoas afectadas.

Por todo o exposto, consideramos que a Xunta de Galicia debe atender as reivindicacións do persoal do sector da Xustiza. Con esta finalidade, o Pleno da Corporación do Concello de Cambados

ACORDA

1º. Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Negociar coas organizacións sindicais con representación entre o persoal de Xustiza para acadar unha equiparación dos salarios e complementos do persoal da Administración xudicial de Galiza cos dos seus homólogos noutras Comunidades Autónomas.
- 2.- Negociar e acadar un acordo para que non exista discriminación no ámbito xudicial na percepción de complementos salariais por incapacidades temporais ou similares.
- 3.- Repoñer as prazas amortizadas dende o ano 2012.
- 4.- Equiparar salarialmente as substitucións verticais.
- 5.- Consolidar as prazas de reforzo que leven máis de tres anos exercendo.

2º. Dar traslado do presente acordo aos Xulgados de Primeira Instancia e Instrución números 1, 2, 3, e 4 de Cambados, e á Oficina do Decanato de Cambados, á Fiscalía da Sección Territorial de Cambados e á Oficina do Rexistro Civil de Cambados.